



2025
2026

PROGRAMA DE
ACTIVIDADES MUNICIPAIS
CULTURAIS
E
DEPORTIVAS

PRAZO FORMALIZACIÓN DE BAIXAS
EN ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NA TEMPADA ANTERIOR
ABERTO ATA O 15 DE SETEMBRO.

PRAZO ABERTO PARA NOVAS INSCRICIÓNS
DO 16 AO 23 DE SETEMBRO (ambos incluídos).

CALENDARIO DE ACTIVIDADES:

EN IDADE ESCOLAR:

Do 1 de outubro de 2025 ao 31 de maio de 2026.

EN IDADE ADULTA:

Do 1 de outubro de 2025 ao 30 de xuño de 2026.



**Concello
de Vedra**



**Deputación
DA CORUÑA**

ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS EN IDADE ESCOLAR

TÉCNICAS DE ESTUDO

Biblioteca Municipal de Vedra

GRUPO PRIMARIA	Luns de 17:00 a 18:00 h.	Dos 6 aos 12 anos
GRUPO SECUNDARIA	Luns de 18:00 a 19:00 h.	+ 12 anos

A súa finalidade será poder adquirir ferramentas e habilidades que posteriormente a rapazada poida aplicar nos seus tempos de estudo.

ESCOLA DE MECANOGRAFÍA

Aula Multimedia de Vedra

GRUPO PRIMARIA	Martes de 17:00 a 18:00 h.	Dos 6 aos 12 anos
GRUPO SECUNDARIA	Martes de 18:00 a 19:00 h.	+ 12 anos

Trátase dun espazo para adquirir as destrezas necesarias na escrita dixital.

NOVIDADE

CIENCIAS DIVERTIDAS

Antigo Xulgado de Vedra

GRUPO INFANTIL	Mércores de 17:00 a 18:00 h.	Dos 3 aos 5 anos
GRUPO PRIMARIA	Mércores de 18:00 a 19:00 h.	Dos 6 aos 12 anos

Trátase dunha actividade manipulativa para crianzas nas que se introducirán a un mundo de experimentos e curiosidades científicas a través do xogo e da experiencia.

NOVIDADE

INICIACIÓN EN MOVEMENTO

Antigo Xulgado de Vedra

GRUPO INFANTIL	Xoves de 17:00 a 18:00 h.	Dos 3 aos 5 anos
GRUPO PRIMARIA	Xoves de 18:00 a 19:00 h.	Dos 6 aos 12 anos

Trátase dunha actividade alternativa con diferentes recursos na que a rapazada poderá explorar diferentes disciplinas de danzas, xogos,... e todo cunha aprendizaxe en valores.

PREZO DE CADA ACTIVIDADE: 18 € por persoa e actividade ao mes. O cobro domiciliarase no número facilitado no momento da confirmación da matrícula e efectuarase, nos primeiros 15 días de cada mes.

OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO TERMO MUNICIPAL EN IDADE ESCOLAR

ESCOLA DE XADREZ

CPI Plurilingüe de Vedra e CEIP Ortigueira

GRUPO VEDRA	Venres de 14:45 a 15:45 h.	+6 anos
GRUPO SANTA CRUZ	Venres de 16:00 a 17:00 h.	+6 anos

PREZO: 15 €/mes. Cobro na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

ESCOLA DE PINTURA

Casa das Artes de Vedra

GRUPO I	Sábados de 11:00 a 12:30 h.	Dos 8 aos 16 anos
GRUPO II	Sábados de 12:30 a 14:00 h.	Dos 8 aos 16 anos

PREZO: 25 €/mes. Cobro na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

ACTIVIDADES CULTURAIS NO TERMO MUNICIPAL PARA PERSOAS ADULTAS

MANUALIDADES / ARTES PLÁSTICAS

Casa das Artes de Vedra

GRUPO I	Luns de 10:00 a 12:00 h.	+ 18 anos
GRUPO II	Luns de 16:30 a 18:30 h.	+ 18 anos
GRUPO III	Luns de 18:30 a 20:30 h.	+ 18 anos

A actividade conta coa opción de prazas con conciliación!! É dicir, poden asistir escolares de + de 8 anos cunha persoa adulta.

PREZOS:

- 30 €/ mes persoa adulta.
- 25€/ mes praza infantil (conciliación).
- O cobro realízase na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

COSTURA

Casa das Artes de Vedra

GRUPO I	Mércores de 16:30 a 18:30 h.	+ 16 anos
GRUPO II	Mércores de 18:30 a 20:30 h.	+ 16 anos

PREZO:

- 30 €/ mes persoa adulta.
- O cobro realízase na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

PINTURA PARA PERSOAS ADULTAS

Casa das Artes de Vedra

GRUPO I	Venres de 18:00 a 20:00 h.	+ 18 anos
GRUPO II	Venres de 20:00 a 22:00 h.	+ 18 anos

A actividade conta coa opción de prazas con conciliación!! É dicir, poden asistir escolares de + de 8 anos cunha persoa adulta.

PREZOS:

- 30 €/ mes persoa adulta.
- 25€/ mes praza infantil (conciliación).
- O cobro realízase na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

ENCAIXE DE BOLILLOS

Casa da Estación (Sta. Cruz de Ribadulla)

GRUPO I	Luns de 17:00 a 19:00 h.	+ 12 anos
GRUPO II	Mércores de 17:00 a 19:00 h.	+ 12 anos

PREZOS:

- 60 €/ mes (dúas horas).
- 110 €/ mes (catro horas).
- O cobro realízase na propia actividade, nos primeiros 10 días de cada mes.

Pódese elixir o número de horas a realizar cada mes así como a organización das mesmas. As clases son para maiores de 12 anos, sendo unha actividade interxeracional.

NOVAS INSCRIPCIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS EN IDADE ESCOLAR E EN IDADE ADULTA

- Do 16 ao 23 de setembro de 2025
- **EN LIÑA:** A través de formulario habilitado na web municipal www.concellodevedra.gal
- **PRESENCIAL:** no concello de 10:00 a 14:00 h.
- Dúbdas e consultas no teléfono 981 814 691.

OBSERVACIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS:

- Confirmación de actividades e prazas: antes do 30 de setembro.
- As actividades quedan suxeitas a acadar un número mínimo de 10 persoas para a súa posta en funcionamento.
- Os horarios poden sufrir posibles modificacións por cuestións organizativas, como precisamente a formación de grupos,... que se anunciarían coa maior antelación posible.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPALES EN IDADE ESCOLAR

XIMNASIA RÍTMICA 1

Luns e mércores de 17:00 a 18:00 h.

Nad@s entre 2018 e 2020

XIMNASIA RÍTMICA 2

Luns e mércores de 18:00 a 19:00 h.

Nad@s entre 2009 e 2017
ou 2018 que pasen proba de nivel.

MULTIDEPORTE 1

Luns e mércores de 17:00 a 18:00 h.

Nad@s entre 2017 e 2020

MULTIDEPORTE 2

Luns e mércores de 18:00 a 19:00 h.

Nad@s entre 2009 e 2016

BALONCESTO 1

Martes e xoves de 17:00 a 18:00 h.

Nad@s entre 2017 e 2020

BALONCESTO 2

Martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.

Nad@s entre 2009 e 2016

PATINAXE 1 (INICIACIÓN)

Pavillón de Lestedo

Martes e xoves de 17:30 a 18:15 h.

Nad@s entre 2009 e 2020
que non saiban desprazarse sobre patíns.

PATINAXE 2

Pavillón de Lestedo

Martes e xoves de 18:15 a 19:00 h.

Nad@s entre 2017 e 2020
que saiban desprazarse sobre patíns.

PATINAXE 3

Pavillón de Lestedo

Martes e xoves de 19:00 a 19:45 h.

Nad@s entre 2009 e 2020
que superen a proba de nivel do grupo de nivel 3.

PATINAXE 4

Pavillón de Lestedo

Martes e xoves de 19:45 a 20:30 h.

Nad@s entre 2009 e 2020
que superen a proba de nivel do grupo de nivel 4.

OBSERVACIÓNS ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN IDADE ESCOLAR:

PREZO

- 40 € cuadrimestre persoas empadroadas ou matriculadas en centros escolares de Vedra.
- 80 € cuadrimestre persoas non empadroadas ou matriculadas nun centro escolar de Vedra.

O cobro realízase mediante domiciliación bancaria unha vez iniciada a actividade.

BONIFICACIÓNS

Actividades deportivas en idade escolar (menores nados despois do 2009):

- a) Bonificación do 50% no segundo irmán.
- b) Bonificación do 75% no terceiro ou máis irmáns.
- c) Bonificación do 50% pola matrícula na segunda ou mais actividades deportivas. Esta bonificación aplicarase, no seu caso, unha vez obtida a taxa bonificada nos puntos a) e b) anteriores.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA PERSOAS ADULTAS

GAP	
(Glúteos, abdominais e pernas)	Luns e mércores de 19:30 a 20:15 h.
SOFT TRX TRAINING	
Adestramento de tonificación muscular a baixa intensidade.	Luns e mércores de 20:15 a 21:00 h.
AEROBIC LATINO	
	Luns e mércores de 21:00 a 21:45 h.
HIIT TRX TRAINING	
Adestramento interválico de alta intensidade.	Luns e mércores de 21:45 a 22:30 h.
PILATES	
	Luns e mércores de 18:45 a 19:30 h.
PILATES	
	Martes e xoves de 18:45 a 19:30 h.
PILATES	
	Martes e xoves de 19:30 a 20:15 h.
PILATES	
	Martes e xoves de 20:15 a 21:00 h.
PILATES	
	Martes e xoves de 21:00 a 21:45 h.
PILATES	
	Martes e xoves de 21:45 a 22:30 h.
HIIT TRX TRAINING	
Adestramento interválico de alta intensidade.	Martes e xoves de 21:45 a 22:30 h.
ACTIVIDADE FÍSICA	
Santa Cruz de Ribadulla	Martes e xoves de 17:00 a 18:00 h.
ACTIVIDADE FÍSICA TERCEIRA IDADE	
	Luns e mércores de 18:15 a 19:15 h.
ACTIVIDADE FÍSICA +60 GRUPO1	
	Luns e mércores de 19:15 a 20:15 h.
ACTIVIDADE FÍSICA +60 GRUPO2	
	Luns e mércores de 20:15 a 21:15 h.
ACTIVIDADE FÍSICA	
Para persoas con diversidade mental	Martes e xoves de 16:00 a 17:00 h.

OBSERVACIÓNS ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA PERSOAS ADULTAS:

PREZO

- 60 € cuadrimestre persoas empadroadas no concello.
- 120 € cuadrimestre persoas non empadroadas. (A Actividade física para persoas con diversidade mental será gratuíta. Non será de aplicación a ordenanza de actividades

deportivas para a actividade física para a terceira idade e a actividade física +60)

O cobro realízase mediante domiciliación bancaria unha vez iniciada a actividade.

Será requisito imprescindible para participar nas actividades físicas para persoas adultas ter cumpridos 16 anos.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CALENDARIO

Do 1 de outubro de 2025 ao 30 de xuño de 2026, seguindo o calendario escolar, con vacacións en Nadal, Entroido e Semana Santa.

- **1º cuadrimestre:**
Do 1 de outubro ao 14 de febreiro.
- **2º cuadrimestre:**
Do 15 de febreiro ao 30 de xuño.

As actividades quedan suxeitas a acadar un número mínimo de 8 alumnos/as para a súa posta en funcionamento. En función diso tamén poderán ser reprogramadas.

RENOVACIÓNS

Non existe prazo de renovación xa que as inscricións nas actividades deportivas son de carácter permanente.

As persoas inscritas no curso 2024-2025, seguen inscritas na actividade no curso 2025-2026 e posteriores salvo que soliciten expresamente a baixa.

En caso de querer causar baixa no curso 25-26

deberán facelo antes do 12 de setembro de 2025 a través dos seguintes medios:

- **EN LIÑA:** no apartado SOLICITUDE DE BAIXA na páxina www.deportesvedra.com
- **PRESENCIAL:** no Concello (de 10 a 14 horas) ou no pavillón de Vedra (de 19 a 23 horas).

NOVAS INSCRICIÓNS

Do 16 ao 23 de setembro 2025.

- **EN LIÑA:** na páxina www.deportesvedra.com
- **PRESENCIAL:** no Concello (de 10 a 14 h.) ou no pavillón de Vedra (de 19 a 23 h.).

Necesario achegar os datos da persoa que se inscribe na actividade, e no caso de ser menor de idade, da persoa titora, así coma o número de conta bancaria para o cargo das taxas das actividades.

No momento da inscrición aceptárase o prezo do curso completo, e o concello pasará ao cobro o 1º cuadrimestre a partir do 15 de outubro e o segundo cuadrimestre a partir do 1 de febreiro. A renovación no 2º cuadrimestre é automática a non ser que se notifique expresamente antes do 15 de xaneiro de 2025. Todas as baixas solicitadas en prazo serán admitidas automaticamente. Non se admitirán baixas fora de prazo.

IDADES AS QUE VAN DIRIXIDAS

Para asistir as actividades deportivas para persoas adultas é necesario ter 16 anos cumpridos.



OUTRAS CONSIDERACIÓNS NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

INSCRICIÓNS FORA DE PRAZO

No primeiro cuadrimestre, fora do prazo de inscrición, de existir prazas poderán seguir inscribíndose persoas ata o 15 de outubro. A inscrición farase na páxina www.deportesvedra.com. A partir do 15 de outubro non se admitirán máis inscricións no primeiro cuadrimestre. No segundo cuadrimestre non se admitirán inscricións fora de prazo.

INSCRICIÓNS NO 2º CUADRIMESTRE

Todas as persoas inscritas no primeiro cuadrimestre que non soliciten baixa antes do 15 de xaneiro de 2025, entenderase que estarán inscritas no segundo cuadrimestre.

As persoas que por esgotarse as prazas non entren no primeiro cuadrimestre nalgunha actividade, figurarán na lista de agarda para o segundo cuadrimestre, tendo prioridade por rigorosa orde de inscrición na mesma.

Do 16 de outubro de 2024 ao 15 de xaneiro de 2025 estará aberta a preinscrición na lista de agarda do segundo cuadrimestre na páxina web www.deportesvedra.com.

Do 16 ao 31 de xaneiro, unha vez tramitadas as baixas, concederanse as prazas no segundo cuadrimestre as persoas preinscritas por rigorosa orde de inscrición. En actividades que aínda que haxa prazas a inclusión de novos/as alumnos/as prexudique ao conxunto da clase, por retrasalos nas súas destrezas ou aprendizaxes, non se admitirán novos/as alumnos/as no 2º cuadrimestre.

SOLICITUDE DE BAIXA

Ata o 15 de xaneiro de 2026, aquelas persoas que queiran darse de baixa das actividades para o segundo deberán facelo cubrindo na instalación o formulario de baixa, ou a través da páxina www.deportesvedra.com. Non solicitar a baixa en tempo e forma non eximirá do pago dos recibos aínda que o concello xire estes con posterioridade.

PRAZO DE DESESTIMENTO

Soamente se poderá solicitar a devolución das taxas, ou anulación do recibo ata o día 15 de outubro de 2025, a partir dese momento será obrigatorio satisfacer as taxas. A solicitude de baixa farase me-

diante www.deportesvedra.com ou formulario de baixa na instalación.

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E BAIXA

Nunca se admitirán inscricións ou baixas de viva voz, de xeito que deben ser polas canles previamente establecidas: web www.deportesvedra.com ou formulario na oficina da instalación. Isto será ademais garantía de que a persoa usuaria teña un xustificante de haber realizado dita xestión.

RESPONSABILIDADES DOS TUTORES DE MENORES DE IDADE

A inscrición ou baixa das nenas e nenos participantes nas actividades deportivas en idade escolar, deberán ser realizadas polo/a nai, pai ou titor/a. Estes serán os responsables dos danos que puideran sufrir ou puideran causar á instalación antes do inicio e despois do remate da actividade na que estean inscritos/as. Os pais/titores dos/das alumnos/as non accederán as zonas deportivas máis que no momento de deixar e recoller os cativos (agás en casos especiais, previa autorización da dirección e/ou monitores da instalación).



TODAS AS NOVIDADES MUNICIPAIS:



www.concellodevedra.gal



@concellodevedra



@concellodevedraoficial



Boletín Informativo Municipal (versión dixital dispoñible na web) e en versión papel en cada domicilio.



Servizo de Novas por Whatsapp: Garda o número 663 893 398 nos teus contactos e envíalle unha mensaxe co texto “ALTA EN NOVAS”. É unha ferramenta moi útil para coñecer a actualidade vedresa.

MÁIS INFORMACIÓN

➔ Nos departamentos municipais de **Cultura e Deportes** en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

Contactos: Teléfono **981 814 691** ou cultura@concelodevedra.gal.

➔ No **pavillón de deportes** en horario de luns a venres de 19:00 a 23:30 horas.

Contactos: Teléfono **981 502 290** ou nos enderezos electrónicos deportesvedra@outlook.es e deportes@concellodevedra.gal.

Atención!!

A programación e os horarios poden sufrir cambios por diferentes condicionantes da súa organización.



**Concello
de Vedra**



**Deputación
DA CORUÑA**